

O MUSEO ETNOGRÁFICO DA LIMIA

Chao Quintana González
Axente de desenvolvemento local
Concello de Vilar de Santos, Ourense

1 ANTECEDENTES

Cando no ano 1991 un grupo de profesores e alumnos do instituto de Xinzo de Limia buscaba un lugar onde expor a colección de pezas etnográficas, que desde había algún tempo recollían na comarca, visitaron, entre outros, o Concello de Vilar de Santos. Daquela non parecía haber moito interese por este tipo de coleccións (aínda non chegara a febre dos museos etnográficos). Vilar de Santos era o concello máis pequeno da comarca e, como cabe supoñer, o de máis minguado presuposto. Non contaba cun patrimonio salientable nin, en principio, parecía estar destinado a ser a sede dun museo de rango comarcal. Sen embargo foi o único que manifestou interese polo proxecto e habilitou espacio e presuposto para facelo realidade.

No ano 1992 abríronse as portas do Museo da Limia na antiga escola unitaria. Era unha pequena colección (120 pezas) de interese dispar e sen un discurso expositivo, pero era unha primeira pedra e o xerme dunha das experiencias máis ilusionantes e integradoras que ten vivido este municipio. Desde o inicio o equipo de goberno municipal intuía que o Museo acadaría co tempo un papel singular dentro da vida do lugar. Case podería dicirse que foi un proceso natural e espontáneo, no que os veciños tiveron un papel fundamental, xa que foron eles, co seu interese polo que estaba acontecendo, os que en realidade sinalaron o camiño.

2 A PRIMEIRA REFLEXIÓN

O museo estaba xa aberto, polo tanto o primeiro obxectivo estaba cumprido, pero tiñamos a obriga de darlle vida e de mantelo, unha tarefa difícil dada a escaseza de medios. Puxémonos en contacto con persoas e institucións que coidabamos que tiñan máis

información e experiencia ca nós. Así iniciouse a colaboración co Museo do Pobo Galego e co Museo Etnolóxico de Ribadavia. Froito dela chegouse á conclusión de que o singular da experiencia de Vilar de Santos era a implicación que a poboación tiña co proxecto. Non era casual, o municipio vivía desde había anos un proceso de transformación social que fomentaba a participación veciñal na toma de decisións, e isto facía posible a implicación dos habitantes en calquera novidade que acontecese.

Contabamos ademais coa vantaxe de estar a traballar na musealización patrimonial dunha comarca cunha fonda identidade histórica e cun marcado carácter agrario, sector no que a maioría dos veciños de Vilar de Santos tiveran desde sempre o seu medio de vida.

Empezaba a estar clara a nosa IDEA-FORZA. O museo tiña que atraer os visitantes, non só porque houbera algo que ver, senón tamén porque tiñamos algo que contar e, o máis importante, persoas dispostas a facelo. En definitiva, aproximarnos ós outros a través do propio.

3 OBXECTIVOS QUE SE MARCARON

- 3.1 Consolidar o vencellamento dos veciños coa institución e coa conservación do seu patrimonio cultural.
- 3.2 Facer rendible un investimento económico tan importante para un concello tan pequeno. O museo debía constituírse nun factor de desenvolvemento económico.
- 3.3 Evitar a idea de museo-almacén. Era conveniente aumentar e mellorar a colección, pero sen esquecer que o que desexabamos era "contar" a nosa historia, facer chegar ó público a realidade da comarca e dos seus habitantes.

4 NA PROCURA DOS OBXECTIVOS

4.1 *Consolidar a participación*

Contabamos coa vantaxe de ter unha poboación activa e participativa. Era esta unha enorme vantaxe, pois nas últimas décadas a desaparición dos traballos comunitarios no agro eliminara os lugares de encontro e intercambio dos veciños. Este feito mudara a

vida no rural galego, condenando ó illamento a unha gran parte da poboación, especialmente as mulleres.

4.1.1 Ser capaces de converter o museo nun espacio de encontro que viñera a encher este baleiro foi un dos elementos principais no proceso de integración. Pero a antiga escola non era o lugar ideal para conseguilo, faltaba espacio e estaba moi afastado dos núcleos de poboación. Foi así como comezou a pensarse na posibilidade de cambiar a colección para a antiga casa rectoral de Vilar de Santos. Este edificio era un espacio case que totémico para os veciños. Desde sempre fora a imaxe do poder da igrexa e estaba asociado coa riqueza. Os veciños aínda non esqueceran a época da fame na que, pola contra, as cortes e tullas da rectoral rebordaban de gran. Creo que un dos días máis emocionantes que vivín entón foi cando entrei no edificio acompañado dalgúns dos máis vellos. Ollaban as salas baleiras e con emoción contida describían o que lembraban daquela. Os sacos amontoados balorecendo, mentres nas súas casas non había case que comer. Aquel lugar lóbrego, no que máis dun fora avergoñado cando non podía pagar, ía ser a partir dese día seu e nel íase contar, non a historia que sempre se contara, senón a súa, a eternamente esquecida e ocultada.

Tiñamos pois que encontrar a maneira de que a veciñanza lle "perdesse o respecto" a aquela casa grande. Con este obxectivo, aínda antes de rematar as obras, o edificio foi utilizado para os usos máis diversos. Entre as estadas fixéronse concellos, actos do Nadal, do Entroido, verbenas... Afortunadamente este costume de facer de todo no museo aínda non se perdeu.

4.1.2 Por outra banda, se queríamos contar a historia dos homes e mulleres da Limia, ¿quen mellor que eles para recuperala? Por iso convencemos a un grupo de persoas da terceira idade, pertencentes a distintas ocupacións: canteiro, ferreiro, labrego, tecedeira, etc., para que fosen eles os que decidisen que obxectos tiñan que estar na exposición e que

guiasen os técnicos na recreación do ambiente. Iso provocou que a maioría doasen os seus propios aparellos. En moitas ocasións porque eles consideraban que os que nós atopabamos "non valían para nada". Reforzouse o sentimento de propiedade e orixinouse unha das singularidades deste museo: os guías; ninguén quería perder a oportunidade de presumir ante os visitantes da súa obra.

4.1.3 As mulleres era unha parte da poboación que nos preocupaba especialmente. Elas foran as que máis perderan coa desaparición da vida comunitaria e coa degradación dos espazos comúns. Perdido este xeito de vida, os bares pasaron a ser o único lugar de encontro, e é ben sabido que no rural as mulleres non ían a este tipo de locais. A súa vida polo tanto quedara reducida á casa e á igrexa.

Neste ámbito Vilar de Santos tiña tamén un camiño andado. Desde había uns anos organizábanse actividades encamiñadas á integración da muller. Mais, sen dúbida, a solución deste problema veu dada pola fonda tradición de tecidos artesanais que existía no municipio. Foron os cursos que se puxeron en marcha sobre tecido en liño os que conseguiron que as mulleres se sumasen ó proxecto. O resultado desta experiencia chegou a ter tal magnitude que por este motivo non será tratado neste apartado senón no de desenvolvemento económico.

4.1.4 Os nenos e mozos tamén eran un hándicap. Ninguén ignora que a maior parte deles só van ós museos se os obrigan na escola. De novo tivemos que percorrer o camiño retorto. Os ensaios da Escola Municipal de Música e Danza pasaron a facerse no museo, o cine dos domingos e ata as clases de kung-fu. Tamén se puxo en marcha a prestación social substitutoria, o que ata hai pouco se coñecía como obxección de conciencia. Os mozos de Vilar de Santos que non quixeron ir ó servizo puideron facer a obxección no museo actuando como guías. Creo que as quintas deses anos non foron moi fecundas para o exército español.

Supoño que alguén estará a preguntarse ónde metiamos tanta actividade. Aclararei que no segundo andar do edificio existe unha sala das chamadas multiusos e que neste caso fai honor ó seu nome.

Co tempo a poboación pasou a ver o museo coma se se tratase dunha prolongación da súa casa. Nos primeiros anos a chave do edificio estivo no bar do Centro Social de Vilar de Santos, e os veciños sabían que se tiñan visita podían ir alí e pedila. Hai unha anécdota deses días que creo que explica moi ben o que estaba acontecendo. Un día chegou a Vilar de Santos un inspector do Ministerio de Cultura español para comprobar se a institución era merecente de entrar no Sistema Español de Museos. Acordou chegar de improviso a noite anterior para interrogar os veciños de incógnito e así avaliar a integración do museo no medio. O día seguinte, cando finalizou de inspeccionar o edificio e de cubrir os papeis que traía, confesounos a estraña experiencia que vivira a noite anterior. En cada un dos veciños cos que falou atopara un solícito espontáneo para facerlle de guía. A cousa en si xa era rara, pero máis aínda que isto lle acontecese ás nove da noite do mes de febreiro. "¿Es que aquí todo el mundo tiene llave?", preguntounos inqueda. Para rematala fora convidado a cear á casa duns coñecidos nun municipio próximo e a muller do anfitrión dixéralle que coñecía moi ben o museo porque ía alí dúas veces á semana a clases de aeróbic.

Bromas á parte, o que hoxe ninguén pode negar e que os veciños coñecen a colección mellor que algúns técnicos e que o museo é máis deles ca de ninguén. É de xustiza tamén dicir que aquel inspector chegou a ser un dos máis grandes defensores e divulgadores do Museo da Limia, e que, gracias ó seu labor, no ano 1999 o museo recibiu o Premio Nacional de Museología, outorgado pola Asociación de Museólogos do Estado español.

4.2 *Facer do museo un factor de desenvolvemento económico*

- 4.2.1 Con este fin propuxémonos que fose coñecido polo maior número posible de persoas. Para conseguilo, e cos escasos medios cos que contabamos, visitamos os centros escolares para animar a comunidade escolar a vir a coñecelo e asinamos convenios de colaboración con centros de ensino medio e universidade. Instalamos postos de divulgación en festas e romarías, acudimos ás feiras e ós congresos e convidamos a todos os que puidemos. Ó ano de abrir as portas pasamos de ter unha media anual de 300 visitas a 1500, hoxe estamos arredor das 3500. Non parece unha cifra desorbitada para un museo, pero se temos en conta que Vilar de Santos ten 1054 habitantes, a cifra adquire outra dimensión. O museo foi sen dúbida o que fixo posible que Vilar de Santos comezase a aparecer nos mapas turísticos.
- 4.2.2 A reconversión da antiga escola, a que acollera a inicial colección, en albergue xuvenil propiciou que as visitas quedasen máis de medio día. Na procura de ampliar e diversificar o impacto destas sobre o maior número posible de veciños, puxéronse en marcha outras iniciativas complementarias ó discurso do propio museo. Os fornos comunais, aínda en uso nalgúns núcleos, eran unha peza de especial atractivo para os visitantes, así que se negociou cos veciños que habitualmente facían as fornadas para que permitisen a entrada dos grupos e mesmo que estes puidesen participar das tarefas e aproveitar o contorno do forno para a realización de merendas ou xantares. Así mesmo promoveuse a asistencia dos visitantes á tradicional matanza do porco, seguindo o esquema anterior. Na actualidade algúns veciños crían porcos por encomenda de grupos de amigos ou familiares que no seu día asistiron a algunha destas matanzas organizadas.
- 4.2.3 A recuperación dos tecidos de liño deu lugar á consecución dos resultados máis salientables. Cando se iniciou este proxecto, púxose especial atención en que a artesá que impar-

tise a formación fose unha persoa con experiencia e iniciativa, é dicir, unha profesional con taller legalizado e con ganas de ampliar a súa produción. O acordo foi que rematado o tempo que estimasemos preciso para a formación das mulleres se seleccionase entre elas aquelas que mostrasen maior interese e habilidade para traballar, de cara á instalación dun taller no museo. O proceso demorouse dous anos, e neste tempo fixéronse novos deseños e estudiáronse posibles vías de comercialización. Para fortalecer este proceso, asinou un programa de colaboración con talleres artesanais de Portugal, Francia e Bélxica. A idea era que a responsable do taller viaxase, coñecese outras realidades e comparase experiencias. Asemade puxéronse en marcha os Encontros Internacionais do Têxtil en Liño. Estes encontros realízanse desde entón cunha periodicidade anual e neles profesionais de distintos sectores relacionados co liño reúnen para intercambiar experiencias e novidades.

En principio o taller traballa por encomenda e as traballadoras estaban en precario. Foi coa entrada no mundo da moda, a través de eventos coma Cibeles ou Intergriffi en Madrid, cando a produción se orientou cara ós grandes compradores, os distribuidores de moda. Deste xeito as cinco traballadoras directas do taller e as dúas indirectas consolidaron o seu posto de traballo e foron recoñecidas pola Xunta de Galicia como Iniciativa Local de Emprego, o que lles permitiu acollerse a axudas de promoción de emprego, transformar os seus contratos en indefinidos e desenvolver unha estratexia de mercadotecnia máis elaborada.

Dado que o taller funciona de luns a venres, o Padroado do Museo asinou un convenio con elas para que atendesen as visitas ocasionais e fixesen demostracións de tecido durante elas. No caso das excursións ou visitas concertadas, o museo segue a contar coa colaboración dos veciños.

Como efecto indirecto desta experiencia destacarei que a integración no mundo laboral destas mulleres, que ata entón

eran amas de casa sen ningún futuro profesional á vista, sementou entre a poboación feminina a esperanza. Xa non tiñamos que ir ás casas convencelas de que participasen nisto ou naquilo. Os do Concello deixamos de ser "eses tolos que din que as mulleres podemos atopar traballo aquí". Desencadeáronse feitos ata entón impensables. Mulleres traballando nas brigadas de incendios, abrindo negocios, presentándose ás seleccións de persoal e, o máis increíble, tomando café nos bares e saíndo de cea soas. Na actualidade vintecatro participan nun obradoiro de emprego agrario e estase a traballar na instalación dunha máquina para envasar conservas vexetais e nun viveiro de plantas aromáticas.

4.3 *Do discurso expositivo*

Cando foi trasladada a colección da escola unitaria á casa rectoral optouse por un discurso temático, é dicir, as pezas agrupáronse arredor de bloques de actividade e dese agrupamento resultaron seis salas: A Limia, que fai unha introducción xeográfica e humana da comarca; O liño, que describe todo o seu proceso desde a sementeira ata o tear; Os oficios non agrarios, canteiro, carpinteiro e ferreiro; A pataca, o seu cultivo e influencia na vida da comarca; O agro, colección de aparellos agrarios recreando o ambiente dun patio da zona; A casa, reprodución dunha casa tipo. Esta estrutura, como xa se explicou, estivo e está reforzada pola presenza e participación dos veciños.

Por sorte o Museo da Limia está vivo e as persoas que o xestionan, ben sexa como profesionais ou ben como voluntarios, aínda teñen ganas de seguir mudando. O discurso expositivo, que no seu día supuxo un avance con respecto ó anterior, hoxe, para os membros do Padroado e da Asociación de Amigos do Museo comeza a estar esgotado. Unha das fallas máis salientables que se detectan é a súa atemporalidade, de xeito que o visitante non ten en ningún momento unha percepción clara da época da que se esta a falar. Móstrase polo tanto unha colección que teoricamente fala do "pasado" sen deixar claro en ningún momento a que pasado nos referi-

mos. É esta unha carencia da maior parte dos museos etnográficos en Galicia que o Museo da Limia pretende corraxir no seu caso.

Recentemente o equipo que está a traballar no novo discurso expositivo, que traerá consigo unha inevitable reforma do espacio e unha nova selección das pezas para mostrar, aprobou un documento (previo ó plan director definitivo) do que a continuación reproduzo algúns parágrafos.

A Limia é unha comarca netamente agraria, na que se deron transformacións que lle confiren un carácter propio e diferenciado no que, o cultivo da pataca, introducido de maneira temperá na segunda metade do século XVIII, actúa como eixo vertebrador...

(...) A partir dos anos 40 e ó longo de 30 anos, prodúcense unha serie de acontecementos: A desecación da lagoa de Antela, a emigración brutal nos anos 60, a concentración parcelaria, a derivación cara ó monocultivo da pataca e a súa posterior crise, que deron lugar a procesos de cambio social que motivaron a disolución de estruturas agrarias precapitalistas e a súa convivencia con outras formas tradicionais de usos agrarios do solo.

Podemos falar dun antes e un despois da desecación da lagoa de Antela, e para entender mellor este proceso, cómpre facer un corte temporal, no que o punto de partida pode estar na crise finisecular da agricultura galega, ó redor de 1900...

(...) Temos que ser quen de transmitir o concepto de cales foron as causas e cales as consecuencias...

(...) O visitante debe poder comprender a través das pezas, fotografías, mapas, textos, sons, etc. como era e como é a relación humano-medio...

Estase polo tanto a pensar nun discurso máis dinámico no que o tempo adquire unha dimensión real e a historia recente, pola transcendencia que esta tivo para a comarca, preséntase como elemento fundamental. Sen esquecer que nestes anos tamén houbo iniciativas, sobre todo por parte da sociedade civil, que contribuíron ó desenvolvemento da zona e que, por fortuna, na Limia existiron e existen aínda persoas inqedas e con memoria.

MUSEO DA LIMIA Ficha técnica	
Localización	Vilar de Santos, Comarca da Limia, Ourense
Denominación	Museo Etnográfico da Limia
Ano de creación	1992
Sede inicial	Escola Unitaria de Vilar de Santos
Salas	2. Colección recollida en dúas plantas diáfanas, pezas do agro, a casa, o liño, ...
Promotores	Asociación O Bión e Concello de Vilar de Santos
Financiamento	Concello de Vilar de Santos, Consellería de Cultura
Ano de traslado	1996
Sede actual	Casa Rectoral de Vilar de Santos
Salas	7. A Limia, O liño, A pataca, Os oficios, A Casa, O Agro, Taller de tecidos artesanais con 6 traballadoras
Financiamento	Concello de Vilar de Santos, Consellería de Cultura, Deputación de Ourense, Padroado do Museo da Limia